



# A PRODUCCIÓN TÉXTIL NA CULTURA CASTREXA: AS FUSAIOLAS DO CASTRO DE VILADONGA (CASTRO DE REI, LUGO)

Álvaro Pérez Rozas \*

Para a elaboración deste estudo contamos cás fusaioles recollidas ó longo dos máis de corenta anos de escavacións arqueolóxicas realizadas no castro de Viladonga, dende os anos 70 do século pasado ata a campaña do 2016. A totalidade das pezas consultadas para este estudo están depositadas no museo anexo ó castro.

## 1. O castro de Viladonga. Unha breve introdución.

O castro de Viladonga atópase na parroquia de Santiago de Viladonga, no concello de Castro de Rei, na provincia de Lugo. O castro ocupa a cima dun outeiro, a uns 550 m.s.n.m, ó pé das primeiras costas que anuncian o fin da Terra Chá e o comezo da Serra de Meira. A zona na que se atopa o castro englobaríase, xeoloxicamente falando, dentro da formación Cándana, a unidade litolóxica predominante no NE de Galicia, formada por rochas metamórficas ácidas como a lousa e a cuarcita.

Á luz das investigacións realizadas, o castro de Viladonga pode definirse como un poboado cun amplo período de ocupación, que vai dende o século II a.C. ata o século V. Falamos, polo tanto, dun poboado de

orixe castrexa que perduraría ata conformar un espazo de tradición galaico-romana. Este longo período de ocupación xunto coa considerable superficie do castro que, ata o de agora, foi obxecto de escavación, proporcionaron unha inxente cantidade de restos arqueolóxicos que hoxe se depositan no museo de sitio anexo ó xacemento. Os restos da cultura material achada no castro e nos seus arredores permiten que nos poidamos achegar á vida cotiá dos seus habitantes, na que, como veremos máis adiante, a actividade téxtil ocupaba un importante espazo.

## 2. Algúns apuntes sobre os labores do tecido na antigüidade.

Dende o Neolítico<sup>2</sup> e ata ben entrado o século pasado, a actividade téxtil, e sobre todo o traballo do fiado, formou parte das actividades cotiás realizadas dentro de case que toda unidade familiar. Da importancia dos labores do tecido na antigüidade, e da influencia na cultura popular, chegaron ata nós numerosos e belísimos exemplos a través das artes, como son as representacións existentes no antigo Exipto, na cerámica grega (Fig. 1) ou mesmo as frecuentes referencias que podemos atopar na obra dos grandes

\* Titular dunha bolsa de formación en materia de patrimonio mobile no Museo do Castro de Viladonga. Campo da arqueoloxía. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.

Doutorando en Prehistoria e Arqueoloxía. Programa de Doutoramento en Historia, Historia da Arte e Territorio. UNED.

<sup>2</sup> No Oriente Próximo son numerosos os xacementos que presentan restos arqueolóxicos relacionados co traballo téxtil dende polo menos o 6500 BP. Algúns exemplos serían Çatalhöyük (Turquía), Kaskashok II (Siria) ou Yarim Tepe I (Irak) (ROOIJAKKERS, 2017: 101).

autores clásicos<sup>3</sup>. Precisamente, a través da literatura e a mitoloxía grecorromana perpetuáronse algúns dos estereotipos que marcaron, a través dos séculos, os labores masculinos en contraposición ós labores femininos. A creación destes estereotipos nace arredor dun mundo simbólico e adoutrinador, utilizado para marcar os roles que home e muller deben de desempeñar nas súas vidas e dos cales non deberán saírse para non caer nos perigos que un intercambio de papeis suporía para o varón (ALFARO, 1997:11-14)<sup>4</sup>.




Fig. 1: *Lekhitos* de figuras negras atribuído o pintor Amasis (ca. 540 a.C.) no que se representan diferentes mulleres traballando a lá. Fonte: Metropolitan Museum of Art.

3 Na *Iliáda*, Homero cóntanos como a “*poderosa Moira*” <<μοῖρα κραταιή>>, *fia a vida dos homes no seu nacemento*.

4 Algúns exemplos destes pasaxes mitolóxicos atopámoslos nas lendas de Ulises e Circe ou na do heroe Hércules coa súa amante Ónfale.

No caso da cultura castrexa, as fontes históricas para a súa investigación son moito menos abundantes, quedando reducidas a escasas liñas en textos duns poucos autores romanos. Así, por exemplo, Plinio fala da calidade do liño dos zoelas, importado a Italia para a fabricación de redes (NH XIX, 10) e Estrabón, na súa *Xeografía*, sinala o costume dos lusitanos de protexerse cunha cota de liño (ESTRABON, III, 3,6). Por esta razón, a principal fonte de información para o estudo da produción téxtil por estes lares provén dos cada vez máis numerosos restos arqueolóxicos e das cada vez menos posibilidades que nos pode ofrecer a comparación etnográfica.

En canto as materias primas utilizadas, o liño e a lá foron, dende a antigüidade e ata a expansión do algodón no século XVIII, as fibras por excelencia na elaboración de tecidos. Outras fibras das que temos evidencias da súa utilización para a elaboración de tecidos son a seda -coñecida dende fai milenios na China-, o mencionado algodón, o cáñamo, a malva e, como tecidos especiais, poderíamos falar dos fíos de ouro ou, incluso, do amianto (ALFARO, 1997: 29).

Se nos centramos nas materias primas utilizadas no espazo galaico, o cultivo do liño e o uso da lá xa aparecen documentados a través das fontes antigas, como sinalamos anteriormente. A importancia que a lá e o liño puideran ter para a economía dos nosos antepasados é difícil de cuantificar, pero chega cunha simple volta de ollo ás décadas centrais do século pasado, especialmente no caso do liño, para poder apreciar a importancia que chegou a acadar o seu cultivo en terras galegas. Desafortunadamente, as características do rexistro arqueolóxico nestas terras, cun solo moi ácedo, dificulta que hoxe poidamos dispoñer de restos de tecido antigo para a súa análise pormenorizada.

### 3. O fiado e as súas técnicas: as fusaiolas.

Antes de entrar de cheo nos labores do fiado e nas fusaiolas, é necesario facer un pequeno inciso, recordando que para a obtención das distintas fibras existen unha serie de traballos que, necesariamente, deben realizarse de forma previa. Falamos da plantación e recolección no caso do liño, e tamén

---

dos labores de lavado e secado, do cardado ou do peiteado. O coidado e a forma na que se realicen estes traballos, xunto coa calidade da materia prima, determinará, en gran medida, a calidade do produto final e, polo tanto, o seu valor no mercado.

Pola súa parte, o fiado consiste, basicamente, en retorcer sobre si mesmas un conxunto de fibras -vexetais ou animais- co fin de conseguir un fío de maior resistencia e lonxitude co cal elaborar os distintos tecidos. Este traballo pode realizarse sen ningún tipo de instrumental, simplemente refregando as fibras coa palma da man sobre a coxa. Este sistema, en aparencia o máis antigo e sinxelo, está documentado pola etnografía en diversas rexións do mundo e incluso na Grecia clásica xa dispoñían dun utensilio específico para este traballo, o chamado epínetro «ἐπίνητρα», unha protección realizada en cerámica que protexía a perna ante a fricción e os restos de graxa que aínda puidera ceibar a lá durante este proceso. (ALFARO, 1984:72; RODRÍGUEZ, 2005:179).

Tamén dende moi temperán, temos coñecemento da realización deste labor por medio de dous instrumentos moi básicos, a roca e o fuso. Ambos elementos, a pesar dos variados tipos existentes ó largo de diferentes rexións e épocas, mantivéronse cunhas funcións e características moi semellantes ata, practicamente, os nosos días.

A roca (*colus*) soe ser unha vara lisa e alongada de madeira -con frecuencia de amieiro, vimbio, sanguíño ou buxo- que serve para soste as fibras. Na tradición etnográfica galega as rocas do liño soen presentar algún tipo de decoración, mentres que as utilizadas para a lá raramente están decoradas (NAVEIRO & SENEN, 1987:65).

O fuso (*fusus*), inicialmente, un pau no que se enrolaba o fío, foi evolucionando ata que nun dos extremos engadiuse un contrapeso ou voante que posibilitara un xiro máis rápido e constante que facilitase o retorcido do fío. Este contrapeso ou voante é o que hoxe coñecemos como fusaiola<sup>5</sup> (*verticillus*).

---

5 A palabra fusaiola -*fusayola* ou *tortera* en castelán- moi posiblemente proveña do diminutivo italiano de fuso. En inglés falaríamos de spindle whorl, mentres que cossoiro sería a palabra utilizada polos veciños portugueses.

Rodríguez Calviño (2004:178-180) distingue ata seis tipos ou sistemas de fiado segundo as distintas variacións e posibilidades que ofrece este reducido instrumental ó que engade o torcido<sup>6</sup> de fíos.

#### 4. As fusaiolas do castro de Viladonga.

As fusaiolas que imos analizar fan un total de 439, entre as que distinguiremos algúns exemplares que, pola súas características morfolóxicas, nos poida parecer dubidosa a súa adscrición como fusaiolas<sup>7</sup> e algún outro que, aínda ser rematar, pensamos que si estarían pensados para funcionar como contrapeso ou volante do fuso<sup>8</sup>. Un caso excepcional é o das pezas sigladas como 70-07.817 e 70-07.818, xa que, realmente, trátase de dúas partes fragmentadas da mesma fusaiola e decidimos contala como unha soa a efectos estatísticos, se ben as dúas pezas por separado poderían ter realizado perfectamente a súa función.

Á hora de comezar o estudo, démonos conta de que non existe unha única sistemática descritiva que nos permita recoller todos os datos que cremos se poidan extraer destas singulares pezas, polo que o que se presenta a continuación é unha escolma na que se tentou recoller os aspectos máis significativos das fusaiolas de Viladonga. Como non podía ser doutra maneira, centramos a nosa atención en aspectos coma os materiais utilizados, a forma das fusaiolas, o diámetro, o diámetro da perforación, o peso, a decoración ou o estado de conservación no que se atopan, pero tamén tentamos extraer conclusións a

---

6 O torcido é un sistema que permite unir dous ou máis fíos nun só, conseguindo un produto máis resistente e grosso ou incluso conseguir distintas combinacións de cores (CALVIÑO, 2004:180).

7 Un lixeiro desgaste no burato central, a desviación deste con respecto ó centro ou determinadas sinais de impacto no lateral da fusaiola poderían ser unha sinal de que estamos ante unha pesa de tear e non unha fusaiola, ou que esa peza cumpriu as dúas funcións nalgún momento. Algúns exemplos poderían ser as pezas A70-12.257 e A70-24.572.

8 Referímonos a pezas que presentan unha perforación central que non chega a atravesar a peza ou incluso algún exemplar que ten iniciada a perforación por ambas caras. Estes indicios, xunto coa súa forma, tamaño e peso fannos pensar que ían ser utilizadas como fusaiolas.

partir das interrelacións que nacen da combinación de todos ou parte destes aspectos, como veremos claramente no apartado relativo ó momento de inercia.

#### 4.1 Os materiais.

Unha das principais características do conxunto é a utilización case exclusiva de material lítico (Fig. 2 e 3), concretamente a lousa ou *pizarra*. Esta particularidade faise aínda máis evidente cando confrontamos as fusaiolas de Viladonga cás aparecidas noutros contextos similares, tanto dentro da cultura castrexa como no mundo romano, ibero ou incluso noutras culturas europeas da antigüidade. Na inmensa maioría dos casos vemos como prevalecen as fusaiolas realizadas en cerámica, xa sexa *ex novo* ou a partir de cerámica reutilizada.




Fig. 2: Materiais de fabricación das fusaiolas  
Fig. 3: Porcentaxe sobre o total

Das 439 estudadas, 254 fusaiolas están realizadas en lousa, unhas 165 pezas están realizadas en xisto metamórfico, 18 están feitas en arxila -6 delas a partir de cerámica reaproveitada- e 2 en chumbo, se ben estas dúas, principalmente a peza siglada como 70-32.947, preséntannos certas dúbidas acerca da súa utilización coma contrapeso do fuso.

A masiva utilización de material lítico, en contra do habitual uso das fusaiolas cerámicas, pode entenderse a partir da abundancia da lousa como materia prima. Esta rocha, formada pola compactación de baixo grao de lutitas, presenta unhas características físicas, entre elas a fisibilidade, que permiten grandes posibilidades de traballo sen un instrumental moi complexo e sen necesidade dun gasto elevado de tempo e enerxía. Ademais das fusaiolas, a lousa está presente en

gran parte da estrutura e instrumental do castro, polo que os seus habitantes coñecían, sobradamente, as posibilidades e os inconvenientes do seu traballo.

A maioría da lousa ou *pizarra* usada en Viladonga presenta unha cor gris azulada característica, se ben é usual a presenza de exemplares con tons máis claros. No relativo á estrutura mineral, son comúns os exemplares cunha alta porcentaxe de sulfuros de ferro cristalizados en forma de pirita ( $FeS_2$ ). Este mineral, ó desprenderse, é o responsable dos ocós que aparecen na superficie de numerosas fusaiolas.

En canto ós escasos exemplares cerámicos, tanto os realizados de novo coma os creados a partir de fragmentos reutilizados, presentan unha manufactura moi basta, na que é posible apreciar o uso de desengraxantes cuarcíticos de gran groso. En case tódolos exemplares é posible observar as marcas das pegadas dos dedos.

Sobre os exemplares realizados en chumbo, podemos destacar o alto nivel de carbonatación que presentan. Durante o proceso de restauración do exemplar 70-24.188 observouse unha anomalía na súa superficie formada, aparentemente, durante o proceso de carbonatación (Fig.4). Esta anomalía podería deberse á presenza de restos dalgún tipo de fibra en contacto co chumbo, aínda que esta observación é difícil de constatar sen recorrer a probas máis específicas que poderían afectar a integridade da peza.




Fig. 4: Vista ó microscopio da posible anomalía na peza de chumbo 70-24.188. Foto: Rita Sanmamed.




Fig.5: Distribución das fusaiolas de Viladonga según a forma




Fig.6: Distribución das fusaiolas por peso




Fig.7: Distribución das fusaiolas por diámetro




Fig.8: Histograma de MI (en g/cm<sup>2</sup>)

#### 4.2. A forma e o peso. O momento de inercia.

O cadro de distribución dos tipos de fusaiolas no castro de Viladonga segundo a súa forma (Fig.5), móstranos a prevalencia das formas aplanadas ou discoides sobre o resto. A efectividade das fusaiolas de forma discoide parece probada a vulgar pola súa incontestable maioría -supera o 90% do total- aínda que, no caso de Viladonga, seguramente sexa o tipo de material elixido para a súa fabricación o que determine a prevalencia dunhas formas sobre outras. Para distinguir entre as fusaiolas discoides e cilíndricas utilizamos o grosor das pezas, considerando que teñen forma cilíndrica as fusaiolas discoides que presentan un grosor superior a 1,5 cm.

Un caso ata o de agora único en Viladonga, ó tratarse dunha fusaiola lítica de forma esférica, é o do exemplar 70-22.816, que ademais presenta a particularidade de que o burato non atravesa a fusaiola.

En canto ó peso das fusaiolas, as cifras van entre os 3,59 gramos da máis lixeira ata os 53,83 gr da máis pesada. Unha vez agrupadas (Fig.6), observamos como o conxunto predominante sería o formado polas fusaiolas situadas entre os 15 e os 30 gr de peso. A partir desta última cifra o número de fusaiolas diminúe considerablemente, sendo practicamente residual a porcentaxe de fusaiolas que supera os 50

gramos. A media resultante do conxunto atópase nos 20,36 gr.

O diámetro das fusaiolas vai dende os 2,3 ata os 8 cm, sendo a media dos valores de 4,22 e a moda, ou valor máis repetido, de 4 cm. Como podemos ver no histograma de distribución das fusaiolas por diámetro (Fig.7) o grupo dominante confórmano as fusaiolas de entre 4 e 5 cm, con algo máis de 230 exemplares.

En canto ó diámetro da perforación, os valores varían entre os 0,3 e os 0,6 cm, cunha media de 0,95. A metade da mostra, unhas 200 fusaiolas, teñen valores comprendidos entre 0,9 e 1 cm.

O momento de inercia (MI) é unha medida que representa a inercia rotacional dun corpo con respecto a un dos seus eixes. Dito doutra maneira, é a medida que representa a resistencia dun obxecto para cambiar a súa velocidade de rotación. O momento de inercia só depende da xeometría do corpo e da posición que presenta o eixo de xiro, polo que non se ve afectada polas forzas que interveñen no momento. A razón pola que decidimos incluír este cálculo é que o uso do MI simplifica, en gran medida, o estudo dos parámetros rotacionais das fusaiolas, xa que aglutina os datos de diámetro, grosor, masa, forma e material nun só valor numérico.



---

Co fin de non desvirtuar os valores resultantes de Viladonga, para a realización dos cálculos<sup>9</sup> tentamos desbotar as fusaiolas que presentasen graves danos estruturais.

Á hora de analizar os resultados obtidos do cálculo do momento de inercia, debemos ter en conta que os exemplares que presentan valores de MI baixos, situados entre 2 e 50, adoitan caracterizar as fusaiolas utilizadas para a realización de fíos moi finos -coa técnica do fuso totalmente suspendido- mentres que os exemplares con valores superiores a 50 deberían ser considerados como fusas para o torcido de fíos (BERTOCCO, 2013:427).

Como podemos ver no histograma de valores de MI (Fig.8) a maioría dos exemplares sitúanse en cifras inferiores a 50 g/cm<sup>2</sup> polo que se podería inferir que os fíos fabricados no castro de Viladonga non debían ser moi grosos, se ben esta suposición é difícil de comprobar sen a existencia de restos de tecidos. En calquera caso, a pericia da persoa que fía suporía un valor a ter en conta moi difícil de cuantificar.

### 4.3 O proceso construtivo. As marcas de fabricación.

As fusaiolas atopadas en Viladonga, principalmente as fabricadas sobre xisto ou lousa, non presentan un proceso construtivo nin decorativo demasiado elaborado, prevalecendo as formas simples e escasamente decoradas sobre as máis complexas. A partir dalgunhas fusaiolas nas que son ben visibles as marcas de fabricación ou de uso, e cunhas poucas horas de experimentación, podemos intuír algunhas técnicas de fabricación:

- **Desbastado.** A forma e o tamaño das pezas líticas -así como a dos escasos exemplares realizados a partir de cerámicas recicladas- comeza a definirse a partir dun primeiro momento no que as pezas son desbastadas, xa sexa por medio de obxectos

metálicos ou mesmo outras pedras que poidan actuar a modo de percutor ou desbastador, segundo o caso. En canto as fusaiolas de lousa -debido a súa pizarrosidade-, resulta básico que no momento do golpeo esta se atope ben asentada nunha superficie plana e o golpeo se realice nun ángulo o máis próximo posible ós 90°, co fin de que a forza do impacto non se estenda ata o interior da peza, o que provocaría a separación ou ruptura da súa estrutura laminar.

- **Incisión ou esgrafiado** A zona a desbastar pode ser definida por medio dunha lixeira incisión, que axudaría a manterse dentro dos límites e aproximarse máis facilmente a forma e tamaño desexados. Un exemplo desta técnica pódese observar na peza 70-24.571. O esgrafiado é utilizado como técnica decorativa nalgúns exemplares, formando liñas simples, cruciformes, serpentiformes ou soliformes.

- **Taladrado.** Marcas de taladrado poden apreciarse tanto nas pezas líticas como nos escasos exemplares de cerámica reutilizada. Coa chegada da romanización e a extensión do uso do ferro é probable que este traballo se realizase con punzóns ou puntas deste material, incluso con ferramentas máis complexas como pode ser o trépano. As deducións extraídas da arqueoloxía experimental, xunto coa análise das pezas metálicas documentadas no propio museo de Viladonga, lévanos a propoñer como método máis eficaz e probable para o taladrado o uso de punzóns de ferro de forma cadrada, xa que permiten unha perforación máis rápida, eficaz e con menos esforzo que cás puntas metálicas redondeadas<sup>10</sup>.

- **Pulido.** O pulimento é una técnica que se pode apreciar nunha gran cantidade de pezas, se ben é certo que non todas presentan acabados de alta calidade.

- **Torneado.** Da mesma forma que xa apreciara Rodríguez Calviño para algúns exemplares do castro de Elviña e da Cidadela (*op. Cit.*,186), o uso do torno horizontal parece ser o motivo de que algunhas pezas de Viladonga, principalmente os escasos exemplares líticos de perfil cónico e bicónico, presenten unha

---

<sup>9</sup> Dependendo da morfoloxía das fusaiolas utilizamos as seguintes fórmulas para o cálculo de MI:

Fusaiolas discoidales de espesor constante:  $MI = \frac{1}{2} mr^2$

Fusaiolas subesferoidales:  $MI = \frac{1}{4} mr^2$

Fusaiolas bicónicas e troncocónicas:  $MI = \frac{1}{2} mr^2 \times 0,75$ .

---

<sup>10</sup> Os punzóns ou puntas de forma cuadrangular posibilitan unha velocidade de perforación e uns acabados de maior calidade debido a que no seu avance facilitan o desaloxo do material sobrante, en contra do que ocorre cás puntas redondeadas lisas.

factura de moi alta calidade. As marcas de torneado tamén se poden observar nalgunhas pezas discoides de perfil plano.

O uso do torno horizontal tamén explicaría a perfección e simetría acadada nalgunhas pezas con decoracións a base de acanaladuras ou círculos concéntricos (83-8.001) ou os cantos tan ben rematados de exemplares como o 83-8.000.

- **Modelado.** Pode documentarse nas escasas pezas realizadas en cerámica. O modelado faise a man, de forma pouco coidadosa o que provoca que se poidan distinguir facilmente as sinais dos dedos, coma na 83-1520.

- **Molde e fundición** son dúas técnicas necesarias na fabricación dos exemplares de chumbo, ás que seguiría un pequeno lixado ou pulido para eliminar as impurezas sobrantas.

#### 4.4 A decoración.

A decoración das fusaiolas de Viladonga vai asociada ás pezas líticas, existindo soamente unha peza de arxila decorada (83-1.520). Pola súa parte, nos exemplares de chumbo, podemos observar decoración a base de 5 acanaladuras concéntricas na peza siglada como 1970/24.188.

Contabilizáronse un total de 33 fusaiolas que presentan algún tipo de decoración ou marca intencionada<sup>11</sup>, o que fai un 7,51 % do total da mostra. O tipo decorativo predominante son as series de puntos perforados concéntricos, cun total de 16 fusaiolas que presentan esta decoración, o que se corresponde co 50% das decoradas e o 3,64 % do total. Falamos de pequenas perforacións, de reducido tamaño, que se poden distribuír de forma máis ou menos aleatoria (70-210) ou formando círculos concéntricos (83-3.988) xa sexa por unha ou polas dúas caras (70-206).

Outro tipo decorativo moi utilizado son as liñas incisas, moitas veces formando círculos concéntricos ó redor do burato central, como pode verse nas pezas 70-217 ou 83-8.001.

As decoracións soliformes tamén aparecen representadas entre as fusaiolas de Viladonga (83-8.001).

Moitas pezas presentan un excelente acabado, con moi bos pulidos en ambas superficies e cantos. A preocupación polo detalle pode tamén apreciarse na peza A70-33.225, que presenta unha bonita decoración no canto. Dita decoración confórmase a base de dúas series de símbolos angulosos, similar a un espigado, que no medio se enfrontan formando unha "X".

Como sinalamos no anterior apartado, algunhas pezas presentan "*graffiti*" a base de liñas incisas ou esgrafiadas. Ditas liñas poden presentarse formando liñas cruzadas e rectas -en forma de "X", de "V" ou de "A"- e outras veces trazos que hoxe nos semellan símbolos abstractos. A maioría destes símbolos están gravados dunha forma intencional, aínda que parece difícil outorgarlles un significado concreto, se ben unha explicación posible, sería que se tratasen de marcas de propiedade.

Para finalizar este apartado, simplemente sinalar que, a xulgar polo observado, non cremos que poida existir un especial interese por decorar as pezas dun determinado material, tamaño ou feitura primando, na inmensa maioría dos casos, a funcionalidade das pezas por riba do aspecto estético.

---

<sup>11</sup> A peza 70-24.571 está contabilizada neste apartado, a pesar de que, como sinalamos anteriormente, cremos que as incisións que presenta correspóndense con marcas relacionadas co proceso de fabricación, e non cun tema decorativo propiamente dito.



#### 4.5 A distribución dos achados: análise espacial e áreas de actividade.

O precario rexistro arqueolóxico relativo ás primeiras intervencións realizadas no castro, alá polos anos 70 do século pasado, imposibilita a localización exacta de gran parte das fusaiolas achadas neses primeiros anos. Este feito condiciona, desafortunadamente, case calquera análise espacial<sup>1</sup> que se poida extraer deses

datos, xa que o resultado final é moi posible que se mostre desvirtuado. Para ser honestos, menos dunha cuarta parte das fusaiolas contabilizadas para este estudo poden ser adscritas a unha localización máis ou menos concreta dentro do xacemento, e dentro deste pequeno grupo, apenas unhas corenta contan cunha posición estratigráfica coñecida. A continuación expoñemos unha táboa/resumo coa distribución dos achados.

<sup>1</sup> Varios artigos publicados na revista do museo abordan o problema da análise espacial e a distribución das actividades realizadas no castro (LLana & Varela, 1999 ; LLana & Varela, 2003).

LOCALIZACIÓN (CATA)	NÚMERO	LOCALIZACIÓN (CATA)	NUMERO
Indeterminada.	207	I-11	4
12-P e 12-S (muralla)	10	I-15	4
12-T	2	I-19	1
12-D	4	I-20	5
12-E	4	I-22	4
13-Ñ	6	I-23	4
2-2	2	I-25	13
A-10/A-11	2	I-26	3
A-11	6	I-27	1
A-12	2	I-29	2
A-15	2	I-31	1
A-20	4	I-34	7
A-23	2	I-36	1
A-25	2	I-40	1
A-4	2	I-44	2
A-8	2	I-45	7
AB-29	4	I-46	2
AC-29	26	I-50	2
D-8	1	I-51	9
D-9	2	L-3	8
E-5	3	Ñ-9	3
E-6	15	V-5	5
E-7	1	ESPACIO 45	3
F-5	1	I-16/I-17 (E69A)	1
F-6	1	E64B	1
I-1	10	E65	2
I-3/I-4	1	E68A	2
I-4	1	E79A	2
I-7	1	E80B	1
I-8	1		

## 5. Conclusións.

A principal conclusión, e a máis evidente, é que as fusaiolas do xacemento do castro de Viladonga caracterízanse pola uniformidade na elección do material utilizado para a súa fabricación, prevalecendo as pezas líticas sobre calquera outro material. O entorno xeolóxico onde se atopa o castro, con gran abundancia de lousas e xistos, así como a relativa facilidade cá que se poden fabricar fusaiolas a partir deste tipo de pedras, explicaría, de por si, a prevalencia das pezas líticas, sen embargo, a existencia dun conxunto lítico destas características nun contexto cultural tan avanzado parece tamén rebater algunhas teorías que avogan por unha suposta evolución tecno-tipolóxica dende unhas fusaiolas líticas, de forma aplanada e menos elaboradas ata outras, supostamente máis modernas, realizadas en arxila e con formas máis complexas. En definitiva, a partir dos achados do castro de Viladonga no se pode inferir ningunha correlación entre a forma das fusaiolas e a súa cronoloxía.

A máis que considerable cantidade de fusaiolas recuperadas neste xacemento, o achado de outro tipo de materiais como poden ser as agullas, o peite ou ripo (1970/00607) ou mesmo as tesoiras (1974/00005), fálannos da importancia que podería ter acadado a actividade téxtil para os habitantes do castro. Neste punto, á hora de extraer conclusións sobre a elevada cantidade de fusaiolas, debemos ter en conta a ampla superficie escavada e a prolongada ocupación do castro, pero tamén é certo que ás fusaiolas realizadas sobre líticos deberíamos de supoñerlles unha vida útil tamén prolongada, incluso de varias xeracións. Seguindo este mesmo razoamento, poderíamos inferir que a cantidade de pesas de tear tamén debería de ser elevada, pero o certo é que, hoxe en día, o número de pesas de tear é irrisorio en comparación coa cantidade de fusaiolas. En calquera caso, e a tenor dos datos expostos, parece lexítimo pensar en Viladonga como un importante centro de produción de fío, xa fose para a veciña *Lucus Augusti* -o castro dista apenas 25 km da cidade- ou mesmo para a exportación a outras zonas do imperio ou, incluso, á propia Roma.

Se falamos da decoración, e tendo en conta que, porcentualmente falando, as fusaiolas decoradas non son moi abundantes dentro do mundo castrexo, podemos concluír que os motivos aparecidos en Viladonga son relativamente comúns, sendo posible a súa identificación noutros xacementos da época.


En canto á distribución espacial das fusaiolas no castro, as carencias metodolóxicas das primeiras intervencións non nos permiten extraer conclusións definitivas, pero si que parece probable que unha parte importante dos labores de fiado, ou cando menos, da fabricación das fusaiolas, se concentrase en determinadas partes do castro en detrimento doutras, como poderíamos supoñer a partir da, cando menos aparente, acumulación de pezas existente en sectores como o AC-29, E-6 ou I-25 ou, pola contra, a aparente ausencia de mostras na vivenda principal do barrio central do poboado.

---

MOSTRA DE FUSAIOLAS SEN DECORACIÓN.



MOSTRA DE FUSAIOLAS SEN DECORACIÓN.



---

MOSTRA DE FUSAIOLAS SEN DECORACIÓN.



MOSTRA DE FUSAIOLAS SEN DECORACIÓN.





---

ALGUNHAS FUSAIOLAS DECORADAS.



### ALGUNHAS FUSAIOLAS DECORADAS.



---

ALGUNHAS FUSAIOLAS DECORADAS.



### ALGUNHAS FUSAIOLAS DECORADAS.



---

## Bibliografía

- ALFARO GINER, C. (1984): *Tejido y cestería en la Península Ibérica. Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización*, Biblioteca Prehistórica Hispánica, XXI. Madrid.
- (1997): *El tejido en la época romana*. Cuadernos de Historia, 29. Arco Libros. Madrid.
- ANDERSON STRAND, E.; NOSH M.L. (2015): *Tools, textiles and contexts. Investigating textile production in the Aegean and Eastern Mediterranean Bronze Age*. Oxbow Books, Oxford, United Kingdom.
- ARIAS VILAS, F.; BASTOS BERNÁRDEZ, D.; DURÁN FUENTES, M.C.; VARELA ARIAS, E. (2013): *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- BERTOCCO, G. (2013): "Filatura e tessitura: gli indicatori del lavoro femminile", en *Bulletin d'études préhistoriques et archéologiques alpines*, XXIV. Société Valdôtaine de Préhistoire et d'Archéologie . Aoste.
- CASTRO CUREL, Z. (1980): "Fusayolas ibéricas, antecedentes y empleo", *Cypselá*, III, pp. 127-146.
- DE BERNARDO, P.; SANZ, C.; ROMERO, F. (2010): "Nueva fusayola con inscripción en signario celtibérico de la necrópolis vaccea de las Ruedas de Pintia (Padilla del Duero- Peñafiel, Valladolid)", *Serta Palaeohispanica J. de Hoz. Palaeohispanica*, 10, pp. 405-426.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2002): "Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Croa*, nº12, pp. 7-14.
- GLEBA, M. (2008): *Textile Production in Pre-Roman Italy*. Ancient Textiles Series Vol. 4. Oxbow Books. Oxford.
- (2011): "Textiles studies: sources and methods", *KUBABA* 2, Lisboa.
- HARRIS, J. (ed) (1995): *5000 years of textiles*. London.
- JOVER MAESTRE, F.J.; LÓPEZ PADILLA, J.A. (2013): "La producción textil durante la Edad de Bronce en el cuadrante suroriental de la Península Ibérica: materias primas, productos, instrumentos y procesos de trabajo", *Zephyrus*, LXXI, enero-junio, pp.149-171. Universidad de Salamanca.
- LLANA RODRIGUEZ, C.; VARELA ARIAS, A. (1999): "Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Croa*, nº 9, pp. 14-29.
- (2003): "Análisis de dos unidades habitacionales del Castro de Viladonga", *Croa*, nº 13, pp. 9-20.
- MATOS DA SILVA, M.; PEREIRA DE OLIVEIRA, P.C. (1999): "Estudo tipológico dos cossoiros do Museu da Sociedade Martins Sarmento (Citânia de Briteiros, Castro de Sabroso e proveniência diversa)", *Revista de Guimarães*, 1999, pp. 633-659.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.; SENEN, F. (1987): "Introducción ó estudo da industria do tecido na Cultura Castrexa: as fusaiolas", *Gallaecia*, 9-10, pp. 61-96.
- ROCHE-BERNARD, G.; FERDIÈRE, A. (1993): *Costumes et textiles en Gaule romaine*. Collection des Hesperides. Errance, París.
- RODRIGUEZ CALVIÑO, M. (1999): "As fusaiolas do Castro da Graña (Toques, A Coruña). Unha análise descritiva", *Gallaecia*, 18, pp. 201-221.
- (2005): "El hilado en la cultura castreña: Una aproximación desde la arqueología experimental" en IGLESIAS GIL, J.M. (ed.) *Cursos sobre el patrimonio histórico 9. Actas de los XV cursos monográficos sobre el patrimonio histórico (Reinosa, julio-agosto 2004)*, pp. 175-190.
- RODRIGUEZ CALVIÑO, M.; SÁENZ-CHAS DÍAZ, B. (2000) "O Tecido", *Cadernos Museo do Pobo Galego*, nº 10.

ROOIJAKKERS, TINEKE (2012): "Spinning Animal Fibres at Late Neolithic Tell Sabi Abyad, Syria?" *Paléorient*, vol. 38, nº1-2, pp. 93-109.

SÁENZ DE LA CALZADA, M. (1979): "Telares, tejidos y tecelanas en la Galicia rural", *Gallaecia*, 3-4, pp. 205-226.

VERHECKEN, A. (2009): "The Moment of Inertia: a Parameter for the Functional Classification of Worldwide Spindle-Whorls from all Periods", en ANDERSON STRAND, E.; GLEBA, M.; MANNERING, U.; MUNKHOLT C.: *North European Symposium for Archaeological Textiles X*. Oxbow Books, Oxford, United Kingdom, pp. 582-607.

WAYLAND BARBER, E. (1994): *Women's work. The first 20,000 years*. W.W. Norton & Company. New York.